

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

*RESOLUCIÓN do 11 de maio de 2012 pola que convocan para o período 2012-2013 as subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013.*

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) foi creada como instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia no fomento e a coordinación do territorio rural galego, para mellorar as condicións de vida e contribuír a frear o seu despoboamento (disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, modificada pola Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei 7/1996 e a Lei 5/2000, e mais pola Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

No marco das súas funcións, desenvolvidas no Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o seu regulamento, corresponde a Agader a xestión dos recursos destinados á dinamización das áreas rurais de Galicia.

O Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013 (PDR), aprobado pola Comisión Europea mediante a Decisión CE(2008) 703, do 15 de febreiro, prevé no eixe 3 diversas medidas dirixidas á mellora da calidade de vida nas zonas rurais e á diversificación da economía rural, cuxa xestión corresponde a Agader. Esas medidas están financiadas, igual que as restantes que integran o PDR, polo Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader), xunto con fondos da Comunidade Autónoma de Galicia e da Administración Xeral do Estado.

Dado que a promoción do desenvolvemento rural galego debe abordarse desde unha perspectiva integral, prevese, dando continuidade á liña de proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, o apoio a actuacións de diferente natureza que a Agader vai materializar a través da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva. As subvencións centraranse nas seguintes medidas do PDR:

3.1.3. Fomento de actividades turísticas.

3.2.1. Servizos básicos para a economía e a poboación rural.

### 3.2.3. Conservación e mellora do patrimonio rural.

As operacións das medidas 313 e 321 que poidan afectar a competencia están amparadas no Regulamento (CE) n.º 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE (actuais artigos 107.1 e 108.1 do TFUE), ás axudas *de minimis* (DOUE 28.12.2006, L379).

O réxime de pagos parciais e anticipos aplicables está autorizado polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de maio de 2011.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) é unha entidade pública instrumental das sinaladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. O seu director xeral ten delegada a aprobación dos procedementos de selección de actuacións con cargo aos recursos que lle sexan asignados para o desenvolvemento do medio rural, así como a súa xestión orzamentaria e a súa distribución, segundo o acordo do Consello de Dirección do 21 de xuño de 2007 (DOG n.º 134, do 11 de xullo).

De acordo co anterior

### RESOLVO:

1. Convocar para o período 2012-2013, en réxime de concorrencia competitiva, as subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, cunha dotación máxima de 3.500.000 € que se distribuirá do seguinte xeito:

Medidas	Anualidade 2012 Anualidade 2013	Importe total (€)	Aplicación orzamentaria
31300. Fomento de actividades turísticas	450.000,00 350.000,00	800.000,00	2012-13-A1-712A-7810
32110. Servizos básicos para a economía e a poboación rural	1.230.000,00 870.000,00	2.100.000,00	2012-13-A1-712A-7810
32322. Conservación e mellora do patrimonio natural	100.000,00 100.000,00	200.000,00	2012-13-A1-712A-7810
32330. Conservación e mellora do patrimonio cultural	220.000,00 180.000,00	400.000,00	2012-13-A1-712A-7810
Total	2.000.000,00 1.500.000,00	3.500.000,00	

As bases reguladoras por que se rexerá a presente convocatoria, así como os formularios para a súa xestión, son as aprobadas por Resolución do 23 de maio de 2011 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se anuncia a convocatoria para

o período 2011-2012 (DOG n.º 112, do 13 de xuño de 2011). As diferenzas esenciais desta convocatoria respecto ás do período 2011-2012 son as seguintes:

a) Dado que o crédito dispoñible para atender proxectos con fins de aforro enerxético, aos cales só podían optar os concellos na convocatoria citada no punto anterior, está incorporado á nova convocatoria específica para concellos e mancomunidades de concellos para o período 2012-2013, na presente convocatoria quedan excluídos os proxectos con este fin.

b) En aplicación da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia (DOG n.º 10, do 16 de xaneiro), non será preciso presentar coa solicitude a certificación emitida pola entidade bancaria en que figure o número da conta de titularidade do solicitante na cal quere percibir a axuda, sendo suficiente unha declaración responsable acerca da veracidade dos datos consignados na solicitude e relativos á devandita conta.

Igualmente, de non presentarse coa solicitude as acreditacións a que se refiren as normas restritivas da medida 323, a Agader comprobará de oficio o seu cumprimento, para o que é preciso que o promotor forneza os datos necesarios e suficientes para a súa correcta identificación e localización.

Así mesmo, salvo manifestación expresa en contrario, enténdese que a entidade solicitante autoriza expresamente o órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos ou documentos achegados no procedemento administrativo.

c) Os límites recollidos no apartado B.14 das bases reguladoras son de 50.000 € para a execución de obra e de 18.000 € para a subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos, respectivamente, en virtude da modificación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, producida pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG, n.º 249, do 30 de decembro).

As solicitudes dirixiranse ao director xeral da Agader e presentaranse segundo os modelos do anexo II da Resolución do 23 de maio antes citada, xunto coa documentación que se indica nas bases reguladoras, no prazo de 45 días naturais contados desde o seguinte ao da publicación desta convocatoria no DOG. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte. Os citados modelos poderán descargarse na páxina web da Agader <http://agader.xunta.es>. Así mesmo, as solicitudes poderán presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>), segundo o previsto no Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Os investimentos xustificaranse documentalmente de acordo co disposto nas bases reguladoras. O prazo límite para a execución dos investimentos vinculados aos proxectos subvencionados e para a xustificación dos gastos será o 30 de xuño de 2013.

En 30 de outubro de 2012 deberá estar executado e xustificado correctamente o investimento correspondente á anualidade 2012. O feito de non xustificar correctamente esta anualidade, e dependendo das dispoñibilidades ou situación orzamentaria, podería devir en perda de dereito ao cobramento da axuda.

Na resolución de concesión da axuda recollerase de forma expresa a súa distribución por anualidades.

Á vista do volume das solicitudes presentadas para cada medida, mediante resolución do director xeral da Agader poderá redistribuírse entre elas o crédito aprobado, limitándose sempre ás dispoñibilidades orzamentarias.

Disposición adicional primeira.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpor potestativamente recurso de reposición ante o Consello de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da citada publicación no DOG.

Disposición adicional segunda. *Información aos interesados.*

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional a través dos seguintes medios:

- a) Na páxina web da Agader <http://agader.xunta.es>
- b) No teléfono 981 54 73 82.
- c) Presencialmente, logo de cita no teléfono 981 54 73 82.

Disposición derradeira primeira.

O director xeral da Agader poderá ditar os actos necesarios para asegurar a correcta aplicación e execución desta convocatoria.

Segunda. Esta resolución será aplicable desde o día da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2012.

Por delegación (Resolución 2.7.2007)

Antonio Crespo Iglesias

Director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

ANEXO  
MODELO A

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
SUBVENCIÓNS AOS PROXECTOS DINAMIZADORES DAS ÁREAS RURAIS DE GALICIA 2008-2013. CONVOCATORIA 2012-2013	<b>MR701B</b>	SOLICITUDE

**1. DATOS DO SOLICITANTE**

NATUREZA DA ENTIDADE  
 Asociación/Fundación     Comunidade de monte veciñal en mán común ou asociación de varias     Outras (especificar)

RAZÓN SOCIAL  NIF

DOMICILIO SOCIAL  LOCALIDADE/PARROQUIA

CÓDIGO POSTAL  PROVINCIA  CONCELLO

TELÉFONO  FAX  MÓBIL  ENDEREZO ELECTRÓNICO

**2. DATOS DO REPRESENTANTE**

PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NOME  DNI/NIE

**3. DATOS DO PROXECTO**

DENOMINACIÓN  ORZAMENTO TOTAL (€)

LOCALIDADE/PARROQUIA  PROVINCIA  CONCELLO


**4. LIÑA DE AXUDAS SOLICITADAS (indicar soamente unha por cada solicitude e proxecto)**

MEDIDA 313. Fomento de actividades turísticas  
 MEDIDA 321. Servizos básicos para a economía e a poboación rural  
 MEDIDA 323. Conservación e mellora do patrimonio rural

**5. DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (orixinais asinados dos MODELOS e copias da restante documentación)**

Documentación acreditativa da entidade solicitante e, de ser o caso, do seu representante legal e apoderamento deste.  
 Fotocopia do NIF da entidade solicitante.  
 Certificado do acordo da entidade polo que se aproba a participación na presente convocatoria, de ser o caso.  
 Escritura de constitución e estatutos da entidade solicitante, debidamente inscritos no rexistro competente (só persoas xurídicas de carácter privado)  
 Certificación do órgano competente na cal se acredite o desempeño actual do cargo (só persoas xurídicas de carácter privado)  
 Memoria e relación de actividades do ano anterior ao da solicitude (só persoas xurídicas de carácter privado)  
 Últimas contas e acta de aprobación destas, e última memoria anual de actividades aprobada pola entidade  
 Declaración responsable para os efectos dos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 17 de novembro, de subvencións de Galicia, declaración doutras axudas concedidas e/ou solicitadas para o mesmo proxecto e declaración das axudas de minimis recibidas nos últimos tres anos. **MODELO B**  
 Resumo do proxecto en modelo normalizado. **MODELO C**  
 Orzamento detallado dos gastos necesarios para execución do proxecto. **MODELO D**  
 Relación de ofertas solicitadas e elixidas, **MODELO E**  
 Declaración censual no censo de obrigados tributarios (modelo 036 ou 037 da AEAT)  
 Declaración da entidade bancaria co número da conta de titularidade do solicitante onde percibir a subvención.  
 Plan de xestión. **MODELO F**  
 Plano do SIXPAC con indicación das coordenadas da actuación.  
 Tres ofertas de diferentes provedores, se for o caso (parágrafo 3 do artigo 29.3 da Lei 9/2007)  
 Informe da vida laboral da conta (ou contas) de cotización da persoa física ou entidade solicitante (no seu caso)  
 Anteprojecto técnico ou, se for o caso, memoria valorada.  
 Documentación acreditativa da titularidade dos terreos (se for o caso)  
 Convenio de colaboración (se for o caso)  
 Certificación da non existencia doutro local social na mesma parroquia se for o caso)  
 Acreditacións a que se refiren as normas restrictivas da medida 323 (se for o caso)  
 Certificado de exención de IVE (se for o caso)



FEADER:  
Europa inviste  
no rural

Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural  
Estrada Santiago Noia km 1, 56 Laraño, Santiago de Compostela



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

#### 6. DECLARACIÓN-COMPROMISO

O/A petionario/a declara NON TER INICIADO o investimento relativo ao proxecto na data de presentación da solicitude de axuda e comprométese a NON INICIAR a actuación sen ter acta notarial de data posterior á presentación da solicitude de axuda que reflecta fidedignamente o non inicio da actuación ou ben acta de non inicio levantada pola Agader.

#### 7. AUTORIZACIÓNS E CONSENTIMENTOS

- Consinto expresamente a publicidade no DOG e na páxina web da Agader dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como a inclusión nos rexistros de axudas, subvencións e sancións da Xunta de Galicia, e autoriza a Agader para o tratamento necesario dos seus datos, para os efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública.
- Autorizo expresamente a Agader para que obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social (no caso de non autorizalo deberá presentar os certificados correspondentes)  
 SI  NON
- Quedo informado de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento (artigo 15 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal)


#### 8. LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 11 de maio de 2012 pola que se convocan para o período 2012-2013 as subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013.

#### 9. SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

Lugar e data

,  de  de



FEADER:  
Europa inviste  
no rural

Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural  
Estrada Santiago Noia km 1, 56 Laraño, Santiago de Compostela



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>


**XUNTA DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

MODELO B

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓNS AOS PROXECTOS DINAMIZADORES DAS ÁREAS RURAIS DE GALICIA 2008-2013. CONVOCATORIA 2012-2013</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR701B</b>	DOCUMENTO <b>DECLARACIÓN</b>
--	---	---------------------------------

**DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS CONCEDIDAS E/OU SOLICITADAS  
DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO/A NAS CIRCUNSTANCIAS DO ARTIGO 10.2 e 10.3 DA LEI 9/2007**

Don/Dona , con DNI

actuando  en representación propia

en representación de , con NIF

en calidade de  (cargo que desempeña na entidade representada)

**DECLARA**

**NON TER** solicitado outras axudas para o proxecto.

**TER** solicitado axudas dos organismos que se mencionan a seguir para o proxecto.

CONVOCATORIA (1)	DOG (N.º e data)	ORGANISMO	ORIXE DOS FONDOS	SITUACIÓN ACTUAL AXUDA (2)	IMPORTE

(1) Xúntase copia da convocatoria  
 (2) Indique: solicitada, concedida ou pagada. No caso de tela concedida, xúntese copia da resolución de concesión e de pagamento no caso de tela aboada.

Así mesmo, comprométese a comunicar a Dirección Xeral da Agader calquera nova solicitude, concesión ou pagamento que se produza con posterioridade a esta declaración e, en todo caso, antes do cobramento da/s axuda/s correspondente/s a esta solicitude.

Así mesmo,

**DECLARA** que

**NON** obtivo ningún tipo de axuda suxeita ao réxime de minimis no exercicio fiscal en curso e nos dous exercicios anteriores ao da presente solicitude de subvención.

**SI** obtivo as seguintes axudas suxeitas ao réxime de minimis nos tres últimos exercicios fiscais (inclúese copia da resolución de aprobación da axuda e do seu pagamento se for o caso):

SITUACIÓN	ANO	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE

IMPORTE TOTAL das axudas de minimis percibidas

Igualmente,

**DECLARA** que non está incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que conste para os efectos oportunos, asino esta declaración-compromiso.

Lugar e data ,  de  de


 FEADER:  
Europa inviste  
no rural

 Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural  
Estrada Santiago Noia km 1, 56 Laraño, Santiago de Compostela

**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

MODELO C

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓNS AOS PROXECTOS DINAMIZADORES DAS ÁREAS RURAIS DE GALICIA 2008-2013. CONVOCATORIA 2012-2013</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR701B</b>	DOCUMENTO <b>RESUMO DO PROXECTO</b>
--	---	--

**Resumo da proposta** (máximo de 500 caracteres)

Descrición do proxecto ou actuación

**1. Localización xeográfica do proxecto** (máximo 20 puntos)

Concello (ou concellos) en (s) que se vai desenvolver o proxecto

**2. Cooperación de varias entidades** (máximo 8 puntos)Número de entidades que cooperan no proxecto, ademais da promotora **3. Carácter innovador do proxecto** (máximo 6 puntos)

Descrición:

**4. Creación de emprego** (máximo 10 puntos)Número total de novos empregos anuais equivalentes que se van crear co proxecto: 

**Nota:** Anexar informe de vida laboral da conta (ou contas) de cotización do solicitante (entidade) do último ano completo e ata a última data dispoñible anterior á presentación da solicitude. Na xustificación do investimento, no caso de obter subvención, deberá presentarse o informe actualizado.

**5. Capacidade de influencia** (máximo 5 puntos)

Actuacións que favorecen a aparición de actividades produtivas

Descrición:

**6. Coñecementos técnicos ou profesionais** (máximo 5 puntos)

Formación, experiencia, normas de calidade, etc.

Descrición:

**7. Utilización de enerxías renovables** (máximo 4 puntos) SI  NON

**FEADER:**  
Europa inviste  
no rural

Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural  
Estrada Santiago Noia km 1, 56 Laraño, Santiago de Compostela



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

**8. Utilización de TIC** (máximo 2 puntos)

SI  NON

**9. Capacidade económica e financeira** (máximo 5 puntos)

Descrición:

**10. Compromiso de utilización do galego** (máximo 2 puntos)

Ao abeiro do artigo 20.2 alíneas l) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comprométome/comprometémonos ao emprego do idioma galego na execución e desenvolvemento do proxecto.

**SÓ MEDIDA 313. FOMENTO DE ACTIVIDADES TURÍSTICAS**

**11. Actuacións integrais** (máximo 5 puntos)

SI  NON

Descrición:

**12. Ámbito de aplicación** (máximo 4 puntos)

<input type="checkbox"/> Ámbito municipal (2 puntos)	Concello:
<input type="checkbox"/> Ámbito supramunicipal (4 puntos)	Concellos:

**13. Promoción da desestacionalización** (máximo 5 puntos)

SI  NON

Descrición:

**14. Promoción de produtos e recursos locais** (máximo 4 puntos)

SI  NON

Descrición:

**15. Incidencia sobre colectivos determinados** (máximo 7 puntos)

SI  NON

N.º total beneficiarios .....	
N.º beneficiarios con discapacidade .....	
N.º beneficiarios con algunha dependencia .....	
N.º beneficiarios mulleres .....	
N.º beneficiarios maiores .....	
N.º beneficiarios mozos < 35 anos .....	
N.º beneficiarios inmigrantes ou emigrantes retornados .....	



FEADER:  
Europa inviste  
no rural

Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural  
Estrada Santiago Noia km 1, 56 Laraño, Santiago de Compostela



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR**SÓ MEDIDA 321. SERVIZOS BÁSICOS PARA A ECONOMÍA E A POBOACIÓN RURAL****16. Fomento da integración social** (máximo 10 puntos) SI  NON

Descrición:

**17. Dotación e mellora de servizos** (máximo 8 puntos) SI  NON

Descrición:

**18. Servizos adaptados a persoas con mobilidade reducida** (máximo 7 puntos) SI  NON

Descrición:

**SÓ MEDIDA 323. CONSERVACIÓN E MELLORA DO PATRIMONIO RURAL****19. Interese do ben que se vai valorizar** (máximo 9 puntos)

Descrición:

**20. Actuacións integrais** (máximo 10 puntos) SI  NON

Descrición:

**21. Incidencia sobre colectivos determinados** (máximo 6 puntos) SI  NON

N.º total beneficiarios .....	
N.º beneficiarios con discapacidade .....	
N.º beneficiarios con algunha dependencia .....	
N.º beneficiarios mulleres .....	
N.º beneficiarios maiores .....	
N.º beneficiarios mozos < 35 anos .....	
N.º beneficiarios inmigrantes ou emigrantes retornados .....	

E para que conste para os efectos oportunos, asino a presente proposta,

Asdo:

Lugar e data

 ,  de  de FEADER:  
Europa inviste  
no ruralDirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural  
Estrada Santiago Noia km 1, 56 Laraño, Santiago de Compostela**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>







**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

MODELO F

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓNS AOS PROXECTOS DINAMIZADORES DAS ÁREAS RURAIS DE GALICIA                  2008-2013. CONVOCATORIA 2012-2013</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR701B</b>	DOCUMENTO <b>PLAN DE XESTIÓN</b>
---	---	-------------------------------------

**1. Resumo da acción non produtiva**

O proxecto vaise desenvolver de acordo con estas especificacións que o peticionario asina e se compromete a manter durante os cinco anos posteriores ao derradeiro pagamento da subvención

Descrición do proxecto. Identificación da súa localización. Instalacións existentes. Novas instalacións.

Destinatarios do proxecto (tipoloxía dos usuarios, dos servizos e número destes)

Usos previstos distinguindo, de ser o caso, os que sexan gratuítos daqueles outros polos que se prevexan ingresos.

Horario de apertura ao público especificando as variacións diarias, semanais e estacionais, de ser o caso.

Tipo de acceso (libre para o público en xeral ou ben restrinxido, visitas concertadas e guiadas ou outras).

Plan previsto de sinalización e información co fin de dar a coñecer a actuación.

Recursos humanos co(s) seu(s) perfil(is) profesional(ais) que se vai(van) facer cargo das tarefas de xestión habitual (apertura, peche, divulgación, etc.) e entidade(s) a que pertence(n) ou a que está(n) ou estará(n) adscrita(s)

Recursos materiais necesarios para as tarefas de xestión habitual (apertura, peche, divulgación, etc.)

Custos das tarefas periódicas de xestión habitual (apertura, peche, divulgación, etc.)

Prezos, tarifas e taxas previstas a cobrar por cada servizo, se os houber

Ingresos previstos, se os houber

Outras cuestións descritivas de interese.

**2. Programa de mantemento**

O solicitante comprométese a cumprir as tarefas indicadas durante os cinco anos posteriores ao derradeiro pagamento da subvención

Descrición das tarefas de mantemento e a súa periodicidade.

Recursos humanos co(s) seu(s) perfil(is) profesional(ais) que se vai(van) facer cargo das tarefas periódicas de mantemento e entidade(s) a que pertence(n) ou a que está(n) ou estará(n) adscrita(s)

Recursos materiais necesarios para as tarefas de mantemento

Custos do mantemento

E para que conste, para os efectos oportunos, asino a presente en.

Asdo:

Lugar e data

 ,  de  de 


FEADER:  
Europa inviste  
no rural

Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural  
Estrada Santiago Noia km 1, 56 Laraño, Santiago de Compostela



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

MODELO G

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓNS AOS PROXECTOS DINAMIZADORES DAS ÁREAS RURAIS DE GALICIA 2008-2013. CONVOCATORIA 2012-2013</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR701B</b>	DOCUMENTO <b>ACEPTACIÓN</b>
--	---	--------------------------------

TÍTULO DO PROXECTO	CÓDIGO DE EXPEDIENTE
--------------------	----------------------

Don/Dona , con DNI

actuando  en representación propia

en representación de , con NIF

en calidade de

**ACEPTA**

Os requisitos e condicións fixados nas bases reguladoras, na convocatoria e na Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) pola que se concede unha subvención da convocatoria 2011-2012 aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia polo importe de  euros, que ten por obxecto o financiamento do proxecto denominado:

con código  así como as normas e procedementos de xustificación, seguimento e control establecidos, comprometéndose a destinar o dito importe aos fins previstos e a reintegrar os fondos non empregados ou que non se apliquen ás actividades previstas.

**EXPÓN:**

Que autoriza a Agader para incluír e facer público nos rexistros de axudas, subvencións, e convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, e que autoriza a Agader para o tratamento necesario dos seus datos, para os efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, para publicar na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Resolución do 11 de maio de 2012 pola que se convocan para o período 2012-2013 as subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013.

**SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA**

Lugar e data

,  de  de



Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural  
Estrada Santiago Noia km 1, 56 Laraño, Santiago de Compostela



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

MODELO H

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓNS AOS PROXECTOS DINAMIZADORES DAS ÁREAS RURAIS DE GALICIA 2008-2013. CONVOCATORIA 2012-2013</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR701B</b>	DOCUMENTO <b>RENUNCIA EXPRESA</b>
--	---	--

TÍTULO DO PROXECTO	CÓDIGO DE EXPEDIENTE
--------------------	----------------------

Don/Dona , con DNI

actuando  en representación propia

en representación de , con NIF

en calidade de

**RECIBIDA NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN**

pola que se concede unha subvención da convocatoria 2012-2013 aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia dunha porcentaxe do  % polo importe de  euros, que tiña por obxecto o financiamento do proxecto denominado:

con código

**RENUNCIA EXPRESAMENTE Á DEVANDITA SUBVENCIÓN**

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Resolución do 11 de maio de 2012 pola que se convocan para o período 2012-2013 as subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013.

**SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA**

Lugar e data

,  de  de



Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural  
Estrada Santiago Noia km 1, 56 Laraño, Santiago de Compostela



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

MODELO I

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓNS AOS PROXECTOS DINAMIZADORES DAS ÁREAS RURAIS DE GALICIA 2008-2013. CONVOCATORIA 2012-2013</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR701B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE MODIFICACIÓN</b>
--	---	---

TÍTULO DO PROXECTO	CÓDIGO DE EXPEDIENTE
--------------------	----------------------

Don/Dona , con DNI

actuando  en representación propia

en representación de , con NIF

en calidade de

**DECLARA** que o expediente citado no encabezamento resultou beneficiario dunha subvención ao abeiro da convocatoria de proxectos dinamizadores das áreas rurais 2012

**SOLICITA** a modificación da resolución de concesión da subvención polo seguinte motivo (sinalar o que proceda):


- Modificación do titular ou promotor do expediente:** <sup>1</sup>
  - Documento público ou privado en que quede reflectido o traspaso de compromisos asumidos na aceptación da subvención
  - Documentación acreditativa da personalidade do cesionario
- Modificación no orzamento do expediente:** <sup>1</sup>
  - Novo orzamento proposto para os gastos necesarios para a execución do proxecto en documento normalizado (modelo D) <sup>2</sup>
  - De ser o caso modelo E da relación de ofertas solicitadas e elixidas
- Modificación no financiamento do expediente:** <sup>1</sup>
  - Declaración doutras axudas concedidas e/ou solicitadas a outras entidades públicas e/ou privadas para o mesmo proxecto segundo o modelo normalizado
- Ampliación do prazo de execución e xustificación (prórroga):** <sup>1</sup>
  - Memoria xustificativa da solicitude de prórroga en que quede constancia da situación actual do proxecto, causas do atraso na execución e previsión e prazos de finalización.

<sup>1</sup> Xunto con esta solicitude deberase xuntar a seguinte documentación

<sup>2</sup> Naqueles expedientes en que é necesario o proxecto técnico de execución debe achegarse copia do novo orzamento asinado polo seu técnico redactor

**SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA**

Lugar e data

,  de  de 

FEADER:  
Europa inviste  
no rural

Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural  
Estrada Santiago Noia km 1, 56 Laraño, Santiago de Compostela



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

MODELO K

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓNS AOS PROXECTOS DINAMIZADORES DAS ÁREAS RURAIS DE GALICIA 2008-2013. CONVOCATORIA 2012-2013</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR701B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE ANTICIPO</b>
--	---	---

TITULO DO PROXECTO	CÓDIGO DE EXPEDIENTE
--------------------	----------------------

Don/Dona , con DNI

actuando  en representación propia

en representación de , con NIF

en calidade de

▪ Axuda concedida:  €

▪ Importe anticipo solicitado:  € (o importe do anticipo será por un máximo da anualidade vixente e en ningún caso superará o 50% da axuda concedida)

▪ Importe do aval:  € (o importe do aval será do 110% do importe do anticipo solicitado)

**SOLICITA:**

Que lle sexa concedido un anticipo da subvención concedida polo importe arriba mencionado, conforme se establece na letra F das bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das areas rurais de Galicia.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA CON ESTA SOLICITUDE**

Comprobante orixinal do depósito de garantía na caixa xeral de depósitos

Copia do aval bancario

Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias sinaladas no parágrafo 3 do artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

**SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA**

Lugar e data

,  de  de



Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural  
Estrada Santiago Noia km 1, 56 Laraño, Santiago de Compostela



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

